

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2023

SEÑORES/AASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIRO/A:

Don José Manuel Fernández Otero
Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as doce horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 20 de febreiro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA

— María Elena Blanco Arias

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 29 de setembro de 2022 (RE-E núm. 471), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA ELENA BLANCO ARIAS
DNI	██████████

DOMICILIO	LALÍN
REPRESENTANTE	LUÍS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REPARACIÓN DE PECHE DE PARCELA
LUGAR	A ERMIDA
PARROQUIA	CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A086003700000PE
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria valorada redactada polo arquitecto Don Luís Fernández Fernández, en data 12/10/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	853,99 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	CATRO (4) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 21/10/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DEZASETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (17,07 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas polas autorizacións emitidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, mediante resolución de data 14/09/22 (expediente núm. ██████████), e polo Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, por resolución de data 25/05/21 (referencia núm. ██████████).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMIENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DA INTERESADA

— María Florinda García Hermida

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (426/2022) iniciado a instancia de parte:

- Comunicación previa para a execución de obras de ACONDICIONAMENTO DE FAIADO, no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, instada por Instalaciones Industriales y Construcción Luís Miguel S.L., na representación de Dona MARÍA FLORINDA GARCÍA HERMIDA, con data 25 de outubro de 2022 (RE-E núm. 532).

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimiento presentado pola representación da interesada con data 23 de novembro de 2022 (RE-E núm. 582).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida a Dona MARÍA FLORINDA GARCÍA HERMIDA do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

4.- APROBACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS

Constan nas dependencias municipais os seguintes proxectos técnicos redactados por orde da Alcaldía:

A/

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DE OUTEIRO, OS VILARES, PORTASILVA, XABALDE, XABALDIÑO E CANTELLE”, redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona María del Pilar Pardo Pérez, con data febreiro de 2023, cun importe global de TRINTA E TRES MIL CENTO CINCO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (33.105,52 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	31.020,14 €
✓ Honorarios de proxecto:	1.042,69 €
✓ Honorarios dirección de obra:	1.042,69 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 24/02/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

B/

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DE AS ANTAS, CASTUGARES, BARREGALLOS, MARIÑAOS, BAGARELAS E ESPASANTE”, redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona María del Pilar Pardo Pérez, con data febreiro de 2023, cun importe global de VINTE E OITO MIL OITENTA E OITO EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (28.088,36 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	26.319,02 €
✓ Honorarios de proxecto:	884,67 €
✓ Honorarios dirección de obra:	884,67 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 23/02/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

C/

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE A INSTALACIÓN DE PANEIS FOTOVOLTAICOS NO DEPÓSITO DE AUGA NO CRUCEIRO DE AREOSA”, redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona María del Pilar Pardo Pérez, con data febreiro

de 2023, cun importe global de VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS VINTE E SEIS EUROS (22.226,00 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	20.503,06 €
✓ Honorarios de proxecto:	861,47 €
✓ Honorarios dirección de obra:	861,47 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 23/02/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES CON CARGO Á LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2023

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 29 de decembro de 2022 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 19, do 27/01/23). O Sr. alcalde informa que o Concello ten asignada a cantidade de 50.314,38 € na liña de concorrencia non competitiva.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes as seguintes subvencións económicas para o proxecto que coa súas denominación, actuacións incluídas nel, e orzamentos deseguido se enumeran:

Liña non competitiva:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: Proxecto de gastos en investimentos. Fondo de Compensación Ambiental 2023

ACTUACIÓNS INCLUÍDAS	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA	TIPO DE GASTO
Mellora de eficiencia enerxética mediante a instalación de paneis fotovoltaicos no depósito de auga no cruceiro de Areosa	22.226,00 €	22.226,00 €	Investimento
Mellora de eficiencia enerxética nos lugares de As Antas, Castugares, Barregallos, Mariñaos, Bagarelas e Espasante	28.088,36 €	28.088,36 €	Investimento

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

6.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES CON CARGO Á LIÑA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2023

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 29 de decembro de 2022 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 19, do 27/01/23). O Sr. alcalde informa da conveniencia de optar asemade polas subvencións en concorrencia competitiva para financiar

un investimento de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado en diversos lugares do Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes una subvención por importe de VINTE E SEIS MIL CATROCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (26.484,41 €) para o financiamento do investimento denominado *“Mellora de eficiencia enerxética nos lugares de Outeiro, Os Vilares, Portasilva, Xabalde, Xabaldiño e Cantelle”*.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

7.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS PERCEPTORAS DO RISGA 2023

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 9 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 22, do 01/02/23) e a conveniencia de solicitar dita axuda para a contratación dun posto de traballo (limpador/a), a tempo parcial por un período de nove meses, para a posta en marcha dun servizo denominado *“Reforzo da limpeza de edificios e instalacións públicas municipais”*.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha axuda económica, por importe total de TRECE MIL SEISCENTOS CORENTA E UN EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (13.641,84 €), para a contratación dun posto de traballo para o desenvolvemento do servizo denominado “*Reforzo da limpeza de edificios e instalacións públicas municipais*”.

Segundo.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na providencia da Alcaldía de data 24/02/23, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Para as retribucións do/a traballador/a a contratar ao abeiro da presente Orde será de aplicación o Convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra (BOP núm. 164, do 28/08/19).

Sexto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación que ostenta desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

8.- ACORDO DE OUTORGAMIENTO DE VISADOS PERIÓDICOS DE LICENZAS MUNICIPAIS DE TAXI

Constan no Rexistro municipal as seguintes solicitudes de visado periódico de licenzas municipais de taxi:

- Samuel Porto Dacal (RE-E núm. 622 e 129, do 14/12/22 e 23/02/23, e RE núm. 320, do 24/02/23).
- Carmen Corral Villamor (RE núm. 273, do 21/02/23)

Achegan declaracións responsables por eles asinadas na que manifestan, baixo a súa responsabilidade, que cumpren os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi e que dispoñen da documentación que así o acredita.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no artigo 18

da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e artigo 14.3 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Outorgar o visado periódico das seguintes licenzas municipais de taxi:

LICENZA	TITULAR	DNI	MATRÍCULA DO VEHÍCULO
5	SAMUEL PORTO DACAL	██████████	4929 LVF
11	CARMEN CORRAL VILLAMOR	██████████	0691 JTF

Segundo.- Proceder a anotar os visados no Rexistro de Títulos Habilitantes.

O seguinte acordo redáctase en lingua castelán aos efectos do previsto no artigo 15.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- PARTICIPACIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE RODEIRO EN LA PROPUESTA DE SOLICITUD DE AYUDAS 1º CONVOCATORIA PERTE- AGUA BAJO EL TÍTULO PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO URBANO DEL AGUA DESTINADO A LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES, AL AMPARO DE LA ORDEN TED/934/2022, DE 23 DE SEPTIEMBRE, POR LA QUE SE APRUEBAN LAS BASES REGULADORAS DE LA CONCESIÓN DE AYUDAS POR CONCURRENCIA COMPETITIVA PARA LA ELABORACIÓN DE PROYECTOS DE MEJORA DE LA EFICIENCIA DEL CICLO URBANO DEL AGUA Y LA PRIMERA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES (2022) EN CONCURRENCIA COMPETITIVA DE PROYECTOS DE MEJORA DE LA EFICIENCIA DEL CICLO URBANO DEL AGUA (PERTE DIGITALIZACIÓN DEL CICLO DEL AGUA), EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA

La Junta de Gobierno Local, enterada de la comunicación de la Diputación Provincial de Pontevedra referente a la convocatoria arriba citada, por unanimidad de los Sres./as. Concejales/as asistentes, adoptó el siguiente ACUERDO:

Primero.- Aprobar la presentación de la solicitud de ayudas bajo la denominación “PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO URBANO DEL AGUA DESTINADO A LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES”, al amparo de la Orden TED/934/2022, de 23 de septiembre, por la que se aprueban las Bases Reguladoras de la concesión de ayudas por concurrencia competitiva para la elaboración de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua y la primera convocatoria de subvenciones (2022) en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE Digitalización del ciclo del agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia”.

Segundo.- Aprobar la propuesta de actuaciones subvencionables y las previsiones estimadas de las dotaciones presupuestarias referentes a las actuaciones que tendrán dentro del ámbito territorial de este ayuntamiento, definidas con detalle en la “Ficha de actuaciones en el Ayuntamiento”, que a continuación se transcribe:

“

**PROPUESTA DE SOLICITUD DE AYUDAS 1º CONVOCATORIA PERTE- AGUA
FICHA DE ACTUACIONES EN EL AYUNTAMIENTO DE RODEIRO**

PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO URBANO DEL AGUA DESTINADO A LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES.

1. MUNICIPIO BENEFICIADO

AYUNTAMIENTO DE RODEIRO

2. ENTIDAD SOLICITANTE

Diputación de Pontevedra

3. DESCRIPCIÓN DEL PROYECTO

El proyecto tiene como finalidad mejorar y optimizar la gestión del ciclo del agua mediante su digitalización, para lo que será preciso inventariar y conocer las necesidades de las instalaciones existentes, para posteriormente proceder a modelizarlas y dotarlas de la sensórica necesaria, de forma que se permita el control, recopilación, almacenamiento y tratamiento de datos clave, con el fin de monitorizar, generar modelos digitales, analizar la evolución de la calidad del agua y de los caudales existentes, pudiendo predecir y anticiparse a la ocurrencia de mal funcionamientos o situaciones adversas, así como detectar puntos de mejora y optimizar los diferentes procesos que intervienen en el ciclo integral del agua.

4. PRINCIPALES ACTUACIONES

El proyecto se divide en las siguientes cuatro etapas:

– Diagnóstico: en la que se visitarán todas las instalaciones relacionadas con el ciclo del agua existentes en el municipio, captaciones, depósitos, tratamientos de potabilización, estaciones de tratamiento de aguas residuales y bombeos. Se realizarán todas las mediciones y pruebas de funcionamiento necesarias para poder conocer la situación de partida y determinar las características de las actuaciones a realizar en las etapas posteriores.

– Levantamiento topográfico: se realizará el estudio topográfico de toda la red existente en el ayuntamiento, tanto de abastecimiento como de saneamiento, incluyendo levantado de tapas, medición de profundidades, etc.

– Instalación de sensores: una vez finalizadas las etapas previas, se procederá a la colocación de los sensores que permitirán conocer el estado del ciclo del agua en todas sus fases (caudalímetros, sondas de nivel, sensores de calidad del agua como medidores de ph, turbidez, cloro, oxígeno, etc.)

- Plataforma digital: se dotará al sistema de una plataforma digital en la que se recopilarán, tratarán y analizarán los datos proporcionados por los diferentes sensores colocados. Se realizará la modelización del sistema, estableciéndose predicciones y alertas, mediante el empleo de inteligencia artificial. La plataforma proporcionará el acceso remoto y en tiempo real al estado de todo el ciclo del agua del ayuntamiento.

5. PRESUPUESTO

El ayuntamiento de Rodeiro cuenta con una red de abastecimiento de 10,88 Km de longitud y una red de saneamiento de 13,94 Km. Se ha estimado necesaria la colocación de 4 caudalímetros y 2 sondas de nivel en los depósitos existentes, además de 1 medidor de cloro, turbidez y ph en los tratamientos de potabilización, 6 caudalímetros en las estaciones de depuración y medida de nivel en 2 bombeos.

En cuanto a la plataforma digital, modelos y software a emplear, se incluye el mantenimiento y actualización del sistema durante 5 años desde la puesta en marcha.

Por ello, el presupuesto total estimado del proyecto para el ayuntamiento de Rodeiro es de 228.700,42 € (sin IVA), que se distribuye por etapas en la siguiente tabla:

AYUNTAMIENTO DE RODEIRO				
PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO URBANO DEL AGUA DESTINADO A LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES.				
PRESUPUESTO TOTAL ESTIMADO	DIAGNÓSTICO	LEVANTAMIENTO TOPOGRÁFICO	INSTALACIÓN DE SENSORES	PLATAFORMA DIGITAL
228.700,42 €	30.000,00 €	31.735,19 €	51.400,00 €	115.565,23 €

En cuanto al cuadro financiero de la actuación, sería el siguiente:

AYUNTAMIENTO DE RODEIRO			
PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO URBANO DEL AGUA DESTINADO A LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES.			
PRESUPUESTO TOTAL ESTIMADO	SUBVENCIÓN MÁXIMA PERTE- Agua (90% NGEU)	APORTACIÓN DIPUTACION DE PONTEVEDRA (5% Fondos propios)	APORTACION AYUNTAMIENTO (5% Fondos propios)
228.700,42 €	205.830,38 €	11.435,02 €	11.435,02 €

En cuanto al cronograma de ejecución, sería el siguiente:

AYUNTAMIENTO DE RODEIRO			
PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO URBANO DEL AGUA DESTINADO A LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES.			
PRESUPUESTO TOTAL ESTIMADO	Año 2023	Año 2024	Año 2025
228.700,42 €	70%	15%	15%

Tercero.- Aprobar el presupuesto indicado para el Ayuntamiento de Rodeiro que se detalla en la “Ficha de actuaciones” anteriormente mencionada, dentro “PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO

URBANO DEL AGUA DESTINADO A LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES”.

Cuarto.- Comprometer, en caso de que la propuesta de solicitud de ayudas bajo el “PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO URBANO DEL AGUA DESTINADO A LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES” se resuelva favorablemente, la habilitación y la disposición de crédito suficiente para financiar la aportación de este Ayuntamiento, según lo especificado en el cuadro financiero definido “Ficha de actuaciones” anteriormente mencionada”, referente a las actuaciones que tendrán dentro su ámbito territorial.

Quinto.- Participar y aceptar el procedimiento de concesión de ayudas regulado por la Orden TED/934/2022, de 23 de septiembre, por la que se aprueban las Bases reguladoras de la concesión de ayudas por concurrencia competitiva para la elaboración de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua y la primera convocatoria de subvenciones (2022) en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE Digitalización del ciclo del agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia y demás normativa de aplicación; así como comprometer, en caso de aprobación de la subvención, su ejecución en tiempo y forma según lo establecido en “PROYECTO ESTRATÉGICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO URBANO DEL AGUA DESTINADO A LOS AYUNTAMIENTOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 5.000 HABITANTES”.

10.- AUTORIZACIÓN PARA AMPLIACIÓN DE XORNADA ADXUDICADA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2022-2023

VISTA a instancia presentada por Dona Sheila Pereira Ferreira, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Bagarelas, parroquia de Vilela (RE núm. 259, do 17/02/23), pola que solicita a ampliación da xornada que ten asignada a súa filla Beka Fernández Pereira como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, pasando da quenda de mañá inicialmente concedida á de xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes a esta data na

quenda solicitada, de conformidade co informe favorable emitido pola mestra-directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares en data 20/02/23, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda autorizar o aumento de xornada solicitado, con efectos do día 1 de marzo de 2023.

11.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIOS OUTORGADOS NO CONCURSO DE CARROZAS, COMPARSAS E DISFRACES DO ENTROIDO 2023

De conformidade co establecido por este órgano, en acordo adoptado na sesión celebrada o pasado día 8 de febreiro do corrente, infórmase aos/ás Sres./as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local que o xurado popular, integrado por Don Javier Vaamonde Leis, Don Alberto Dopico Rumbo, Don Fernando Esclusa García e Don José Antonio Arias Deza, reunido o pasado día 19 de febreiro de 2023, acordou conceder os seguintes premios:

CATEGORÍA DE CARROZAS OU COMPARSAS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	O FALAR DAS OVELLAS	Jesús Baldonado Soto	400,00 €
Segundo	EKIPO JA	Julio Fernández Fafián	300,00 €
Terceiro	Deserto		

CATEGORÍA DE GRUPOS ADULTOS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	COCHES DE CHOQUE	Miriam Blanco Fernández	150,00 €
Segundo	AFRICANAS DE CAMBA	María del Mar Cambeiro Areán	100,00 €
Terceiro	A FAMILIA FLORES	Sandra González Fernández	70,00 €

CATEGORÍA DE GRUPOS INFANTÍS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	OS BUCEADORES	María López Corral	150,00 €
Segundo	HADAS DEL BOSQUE DE CAMBA	María del Mar Cambeiro Areán	100,00 €
Terceiro	Deserto		

CATEGORÍA DE INDIVIDUAIS/PARELLA ADULTOS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	PINOCHO	Sandra Gutiérrez Louzao	75,00 €
Segundo	BAÑO PÚBLICO	Javier Gómez Conde	50,00 €
Terceiro	MIÉRCOLES ADAMS	Ana María Cangado Muíño	30,00 €

CATEGORÍA DE INDIVIDUAIS/PARELLA INFANTÍS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	AS ROKERAS	Mélody Guerra Guerra	75,00 €
Segundo	RANITA	Ximena Mantilla Jaimés	50,00 €
Terceiro	PARELLA DE ABELLAS	Vanessa Sánchez Otero	30,00 €

12.- APROBACIÓN DA CONTA DE GASTOS A XUSTIFICAR DO ENTROIDO 2023

Por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes apróbase a conta de gastos a xustificar presentada pola concelleira-delegada de Cultura Dona Ana Belén Calvo Mariño, correspondentes ao Entroido 2023, celebrado o pasado día 19 de febreiro do corrente, co resume de gastos que deseguido se sinala:

Cantidade disposta a xustificar	2.450,00 €
Premios en metálico entregados	1.580,00 €
Cantidade xustificada	1.580,00 €
Sobrante (ingresado en data 20/02/23)	870,00 €

13.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- **WURTH S.L. 1.815,00 €**

Por aplicación de conciliación bancaria para o módulo de contabilidade, s/factura núm. S016 (FACe).

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA70J0001188, TA70J0001206 e TA70J0001207 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 253,66 € E 214,40 €
Por seguro anual do novo vehículos da AVPC, s/facturas núm. 75202319900020002113 e 75202319900020002156 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 36,72 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- FÁBRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE 16,94 €
Por certificado de representante de persoa xurídica, s/factura núm. 9230132109.
- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS 132,92 €
Por cota anual de pertenza á Federación, s/factura núm. RC/23-5550 (FACe).
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 5.559,68 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan Concellos 2023, s/factura núm. 002/2023.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 488,61 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 44.
- SYMATEC S.L. 2.717,81 €
Por servizo de limpeza de dependencias municipais no mes de xaneiro de 2023, s/factura núm. 727 – (*reparo suspensivo da Intervención levantado polo alcalde por resolución de data 24/02/23*).
- MANUEL LEDO GARCÍA 76,45 €
Por subministro de sal para estradas municipais, s/factura núm. A/28.

- GRUPO ACODE EDUCA S.L. 1.750,00 €
Por organización de actividades culturais coa infancia no mes de xaneiro de 2023, s/factura núm. 23-013 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 3.484,80 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041209507 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)